

ORDENANZA NÚM. 35

REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE UNIÓNS DE FEITO E DA SÚA FISCALIDADE

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. OBXECTO E RÉXIME XURÍDICO.

Constitúese no Concello de Vilalba o **Rexistro Municipal de Unións de Feito** que terá carácter administrativo e se rexerá polo que se dispón no presente regulamento, incluídos os seus anexos e demais disposicións que se poidan ditar para o seu desenvolvemento.

Artigo 2. ÁMBITO

No **Rexistro Municipal de Unións de Feito** poderán inscribirse todas aquelas parellas, que polo seu libre e pleno consentimento constitúan unha unión de convivencia non matrimonial, pero con análoga relación de afectividade, con independencia da súa orientación sexual, manifesten a súa vontade de inscribila no rexistro e cuxos membros teñan a súa residencia habitual e figuren empadroados no Concello de Vilalba, se ben, no momento da inscrición é suficiente con que un deles figure empadreado no Concello de Vilalba e, unha vez inscritos no **Rexistro de Unións e Feito**, quedarán obrigados a inscribirse, ambos os dous membros, no Padrón Municipal de Habitantes.

Artigo 3. REQUISITOS DAS INSCRICIÓNS.

3.1. Serán requisitos para levar a cabo a inscrición:

- a) Ser maior de idade ou menor emancipado e non ter sido declarado incapacitado por resolución xudicial.
- b) Non estar ligado por vínculo matrimonial subsistente.
- c) Non estar inscrito como membro doutra unión non matrimonial non cancelada.
- d) Ter a súa residencia habitual e figurar empadreado no Concello de Vilalba ou, en todo caso, reunir este requisito un deles, inicialmente, tal e como se expresa no **artigo 2**.
- e) Non ter relación de parentesco por consanguinidade ou adopción en liña recta.
- f) Non ter relación de parentesco colateral por consanguinidade ou adopción ata o terceiro grao.

- g) Non figurar inscrito en ningún outro rexistro municipal de parellas de feito.

3.2. A inscrición realizarase despois da sinatura da correspondente solicitude, segundo o modelo do **anexo I deste o regulamento**, por ambos os dous membros da unión mediante comparecencia persoal e conxunta diante do funcionario encargado do rexistro, e na que se efectuará a correspondente declaración responsable dos seguintes extremos:

- a) Existencia da unión de convivencia non matrimonial con indicación do domicilio de empadramento desta.
- b) Inexistencia de vínculo matrimonial.
- c) Inexistencia de inscrición no que conste como membro doutra unión non matrimonial non cancelada.
- d) Inexistencia de declaración de incapacitación por resolución xudicial.
- e) Inexistencia de relación de parentesco por consanguinidade ou adaptación en liña recta.
- f) Inexistencia de relación de parentesco colateral por consanguinidade ou adopción de ata o terceiro grao.
- g) Non figurar inscrito en ningún outro rexistro municipal de parellas de feito.

3.3. Á solicitude de inscrición acompañarase a documentación acreditativa do cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Maioría de idade ou acreditación de emancipación, segundo o establecido no **artigo 314 e seguintes do Código Civil**.
- b) No seu caso, declaración xudicial de divorcio ou nulidade.
- c) No seu caso, documentación xustificativa de viuvez.
- d) Xustificante de empadramento dos membros da unión non matrimonial (**incorporarase de oficio**).

3.4. Unicamente se poderá efectuar a instancia de un só dos membros da unión a inscrición da extinción desta por vontade unilateral, previa audiencia do outro membro e segundo o que se dispón no **artigo 6.2.b) do presente regulamento**.

Artigo 4. DECLARACIÓNS E ACTOS INSCRIBIBLES.

Serán obxecto de inscrición:

- a) A declaración de constitución das unións de feito (realizada segundo o modelo do **anexo I**) e a extinción destas cando concorra algunha das causas do **artigo 6**.
- b) Os contratos civís reguladores das relacións persoais e patrimoniais así como outros feitos e circunstancias relevantes que afecten á unión extramatrimonial.

Artigo 5. EFECTOS.

A inscrición no rexistro de parellas de feito terá efectos meramente declarativos sobre a constitución, e extinción das unións de feito, así como dos contratos reguladores das relacións persoais e patrimoniais.

Artigo 6. DA CONSTITUCIÓN E EXTINCIÓN.

6.1. Para os efectos establecidos no presente regulamento, a data de constitución será a da súa manifestación e inscrición.

6.2. Serán causas xustificadas da extinción das unións e cancelación da inscrición as seguintes:

- a) Mutuo acordo.
- b) Vontade unilateral de un dos membros da parella con notificación fehaciente ao outro.
- c) A morte ou declaración de falecemento dalgún dos seus membros.
- d) Separación de feito de máis de 1 ano.
- e) Matrimonio dalgún dos membros.

Artigo 7. LIBRO REXISTRO.

O rexistro materializarase nun libro-rexistro municipal de unións non matrimoniais que estará formado por follas numeradas e seladas, legalizado coa sinatura do secretario municipal, incluíndose nos asentos os seguintes extremos:

- a) Datos identificativos dos membros integrantes da unión.
- b) Domicilio da convivencia.
- c) Data de constitución da convivencia.
- d) A transcrición en extracto dos contratos civís reguladores das relacións persoais e patrimoniais das parellas de feito.
- e) Calquera modificación posterior dos datos inscritos.
- f) Data e causas da extinción.
- g) Outros feitos ou circunstancias relevantes que afecten á unión non matrimonial.

Artigo 8. PUBLICIDADE.

O libro-rexistro municipal de parellas de feito non ten carácter público. Coa finalidade de garantir a intimidade persoal e familiar dos/as inscritos/as como membros de parellas de feito a publicidade do rexistro quedará limitada, exclusivamente, a expedir certificacións dos rexistros que serán expedidas a instancia de calquera dos membros da unión ou dos xuíces ou tribunais de xustiza.

Artigo 9. ÓRGANO COMPETENTE.

O alcalde-presidente será o órgano competente para resolver sobre calquera tipo de inscrición que se pretenda efectuar no rexistro así como para a regulación do acceso, rectificación e cancelación dos datos cando proceda.

As resolucións que se ditén relativas á inscrición, modificacións ou extinción, así como as de inscricións de actos complementarios, adoptaranse no prazo máximo de 1 mes, unha vez transcurrido este sen que se tivese ditado entenderase desestimada por silencio administrativo.

Artigo 10.

No eido competencial desde Concello, todas as unións non matrimoniais de convivencia inscritas no **Rexistro Municipal de Unións de Feito**, terán a mesma consideración administrativa que as unións matrimoniais, sen obstáculo doutras formas de proba.

Así mesmo, e para os efectos administrativos, e dentro do eido competencial deste Concello, recoñecerase a antigüidade das unións de feito inscritas noutros rexistros municipais, circunstancia que deberán acreditar.

CAPÍTULO II. ASPECTOS FISCAIS DA ORDENANZA

Artigo 11. - Obxecto

En uso das facultades concedidas polos **artigos 133.2 e 142 da Constitución e o artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local**, e de conformidade co que se dispón nos **artigos do 15 ao 19** en relación co **artigo 20 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo**, establécese a taxa por prestación de servizos de inscrición, modificación e cancelacións de unións de feito no rexistro municipal.

Artigo 12. - Feito Impoñible

Constitúe o feito impoñible da taxa a actividade municipal conducente aos tramites relativos á inscrición, modificación e cancelación no rexistro municipal de parellas de feito.

Artigo 13. - Suxeito Pasivo

1. Son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas que soliciten a inscrición, modificación e cancelación de inscricións no rexistro municipal de parellas de feito.

Artigo 14. Taxas

a) Tramites de constitución, extinción e modificación: 300,00€

Artigo 15. - Ingreso da taxa

1. O ingreso da taxa efectuarase nas oficinas de recadación municipal mediante a incorporación da carta de pago ou escrito de solicitude de calquera acto aos que se refire o feito impoñible, e con carácter previo ao acto que o motiva.

2. Os escritos recibidos polos condutos a que fai referencia o **artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro**, pola que se regula o **réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común** que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárselles curso sen que se subsane a deficiencia. Para esta finalidade requirirase ao interesado para que, no prazo de 10 días aboe as cotas correspondentes co apercibimento de que, unha vez transcorrido o dito prazo sen efectualo, se teran os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

Artigo 16. - Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas corresponden en cada caso, estarase ao que se dispón nos **artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria**.

Disposición Derradeira.

A presente modificación de ordenanza, aprobada polo **Concello Pleno na súa sesión celebrada o 27/07/2012**, entrará en vigor a partir do día seguinte á publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia (9/10/2012), permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN DE UNIÓNS DE FEITO.

Don/dona. _____, con DNI núm. _____
e Don/dona. _____, con DNI núm. _____
_____ maiores de idade, veciños de,
_____ con domicilio en _____

EXPOÑEN:

Que desexan realizar a inscrición no Rexistro de Unións de Feito do Concello de Vilalba, e para iso

DECLARAN:

1°. Existen unha unión de convivencia non matrimonial estando empadroados _____ nos _____ domicilios seguintes-----

2°. Non existe vínculo matrimonial.

3°. Non existe ningunha inscrición no que conste como membro doutra unión non matrimonial non cancelada.

4°. Non existe declaración de incapacitación por resolución xudicial.

5°. Non existe relación de parentesco por consanguinidade ou adopción en liña recta.

6°. Non figurar inscrito/a noutro **Rexistro Municipal de Unións de Feito.**

7°. Non existe relación de parentesco colateral por consanguinidade ou adopción ata o terceiro grao.

Por todo o exposto,

SOLICITAN:

A inscrición no **Rexistro Municipal de Unións de Feito.**

Vilalba, ____ de _____ 200__

Sr. ALCALDE PRESIDENTE do Excmo. Concello de Vilalba

ANEXO II

**SOLICITUDE DE BAIXA NA INSCRICIÓN DE UNIÓN DE FEITO
(Esta solicitude poderá ser suscrita por un ou polos dous
membros da parella)**

Don/dona. _____, con DNI núm.
_____ e Don/dona. _____, con
DNI núm. _____ maiores de idade, veciños de,
_____ con domicilio en _____.

EXPOÑEN:

Que están inscritos no Rexistro de Unións de Feito do Concello de Vilalba e,

SOLICITA, que despois dos trámites regulamentarios se proceda á inscrición da baixa de unión de feito no dito rexistro.

Vilalba, ___ de _____ 200_

Sr. ALCALDE PRESIDENTE do Excmo. Concello de Vilalba